



**BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS
CORRESPONDENTES Ó LOCAL COMERCIAL DECORADO
MÁIS “ENXEBRE” E Ó LOCAL HOSTALEIRO MÁIS
“ENXEBRE” DO CONCELLO DE O VALADOURO NO
MERCADO TRADICIONAL ANUAL DE PRIMAVERA 2020.**

CAPÍTULO 1.- LOCALIZACIÓN DO CONCURSO

Primeira. ORGANIZACIÓN

A área de cultura do concello de O Valadouro organiza a XIV edición do Mercado Tradicional Anual de Primavera e, coincidindo con esta festa, promove o certame de local comercial decorado máis “enxebre” e o certame de local hostaleiro decorado máis “enxebre”.

O certame ten por obxecto promover a creatividade dos comerciantes e hostaleiros na presentación dos seus establecementos e produtos durante a celebración do XIV Mercado Tradicional Anual de Primavera co fin de que sexan máis atractivos para os seus clientes e á súa vez contribuir ó especial ambiente festivo desta data tan importante para a vila de Ferreira.





Segunda. UBICACIÓN

1.- Espacial.

Nas oficinas do Centro Socio-cultural, Xuvenil e da Terceira Idade “Manuel Lourenzo” de O Valadouro poderanse consultar as bases así como realizar a inscrición, ou mesmo consultar calquera tipo de dúbida.

2.- Temporal.

O certame de local comercial decorado máis “enxebre” e o certame de local hostaleiro decorado máis “enxebre” realizarase durante a xornada do 28 de marzo de 2020. O local participante, unha vez cuberta a solicitude de inscrición, comprométese a facilitar o acceso ó xurado para que poda ser cualificado, e ó mesmo tempo o xurado non interferirá nin interromperá as labours que estean a realizar os donos, responsables ou asalariados. A inscrición poderá efectuarse nas oficinas do Centro Socio-cultural, Xuvenil e da Terceira Idade “Manuel Lourenzo” de O Valadouro entre o 23 e o 27 de marzo de 10:00 horas a 14:00 horas ou de 16:00 horas a 20:00 horas.

CAPÍTULO 2.- DOS PARTICIPANTES.

Primeira. Participantes e modalidades de inscrición.

Poderán participar todos aqueles locais comerciais e hostaleiros situados na vila de Ferreira previa inscrición nas oficinas do Centro Socio-cultural, Xuvenil e da Terceira Idade “Manuel Lourenzo” de O Valadouro.





Á inscrición poderá formalizarse nalgunha das categorías seguintes:

Local Comercial: nesta categoría participarán todo tipo de negocios, tendas, oficinas, locais, almacéns agás os definidos na categoría de hostaleiros.

Local Hostaleiro: nesta categoría poderán participar todo tipo de negocios ou tendas que poden vender bebidas (alcoólicas ou non) e/ou comidas ó por menor despezadas. Nesta categoría incluírase o local propiamente dito así como o exterior do local (terraza).

En ámbalas dúas categorías se puntuarán tamén, a parte do atrezzo interior e escaparate, a indumentaria dos propietarios/dependentes que estean no intre da calificación. Recoméndase que os distintos locais participantes non usen elementos plásticos de publicidade (na súa maior parte). Trátase de recuperar a imaxe que terían os negocios en épocas pasadas.

O xurado valorará tanto a dificultade no proceso de elaboración do decorado como a orixinalidade dos materiais empregados, a utilización de elementos da actividade comercial e o resultado estético global do conxunto, sen perder nunca de vista o feito de que se debe tratar dunha ambientación “ENXEBRE”.

Para poder participar en calquera das dúas modalidades, deberase de cubrir o modelo oficial facilitado polo Concello de O Valadouro, denominado como anexo I.





CAPÍTULO 3º.- DO XURADO

Primeira.- Composición e funcións do xurado

1º O xurado será nominado polo concelleira de Cultura do concello de O Valadouro con antelación á celebración do concurso.

2º A función do xurado será a de puntuar a cada un dos locais participantes no concurso para a posterior entrega dos premios.

3º Os individuos que conforman o xurado actuarán libremente, por decisión propia sen intermediación de terceiros.

Segunda.- Normas de puntuación.

1º Para a puntuación dos concursantes valoraranse tres aspectos relevantes: *orixinalidade da idea, elaboración do conxunto do local (exterior e interior) e posta en escea.*

1.1) *Orixinalidade da idea.* Valorarase a capacidade que ten cada local de recrear unha época de fai anos cos medios que temos na actualidade pero sen acudir a prefabricados.

1.2) *Traballo de elaboración.* Terase en conta o traballo que leva desenrolar a idea que tenta reproducir e se se disimulan todos os elementos estruturais así como a complicación de realizar un decorado “enxebre”. Terase en conta, no apartado de locais hostaleiros, a parte externa do local (terraza) pero sen chegar a ser decisiva á hora da puntuación xeral do local.





1.3) *Posta en escea*. Puntuarase positivamente que os donos/empregados leven unha indumentaria acorde coa festa que se está a celebrar.

2º A través dunha táboa de puntuacións entregada con anterioridade ao concurso a cada membro do xurado, levarán a cabo a valoración de cada un dos locais participantes. Para isto puntuarán de 0 a 9 cada aspecto a ter en conta, sendo 0 a puntuación máis baixa e polo tanto a máis negativa e 10 a puntuación máis alta e polo tanto máis positiva.

3º En caso de empate entre dous ou máis concursantes, (coa mesma puntuación), desempataríase co participante que conte puntuacións máis altas parciais de cada unha das categorías dos membros do xurado e de seguir empatado, abriríase un debate entre os membros do xurado para chegar a unha posible resolución. De non ser posible e sempre como última medida, levarase a cabo un sorteo entre os concursantes empatados.

4º O xurado, sempre que o número de participantes o permita, deberá propor 1 premiado en cada categoría.

5º O xurado gárdase a posibilidade de que quede algún premio vacante, no caso de que non vexa a ningún dos locais participantes merecedor de dito premio.

6º O resultado dos certames darase a coñecer no transcurso a sesión vermú na praza de Santa María.





CAPÍTULO 4.- PREMIOS

Primeira.- Cada categoría terá un único gañador levando como premio un trofeo que o acredite como tal

Segunda.- Da entrega dos premios.

A entrega de premios será en acto público durante a sesión vermú na Praza de Santa Marái

DISPOSICIÓN FINAIS

Calquera local comercial, hostaleiro e derivados que queira participar no concurso ten dereito a poder acceder a estas bases e facer calquera consulta que considere oportuna.

Asimesmo, estas bases estarán publicadas na sede electronica do concello de O Valadouro (valadouro.sedelectronica.es), no taboleiro de anuncios do concello de O Valadouro así como no taboleiro de anuncios do Centro Socio-cultural, Xuvenil e da Terceira Idade "Manuel Lourenzo" do concello de O Valadouro.

A participación no concurso implica directamente a aceptación destas normas.

O Valadouro, a 9 de marzo de 2020.

A Concelleira de Cultura, do Concello de O Valadouro.

Josefina Geadá Losada





INSCRICIÓN DE LOCAL ENXEBRE DO CONCELLO DE O VALADOURO NO MERCADO TRADICIONAL ANUAL DE PRIMAVERA 2020.

DATOS DO SOLICITANTE:

Nome local:

C.I.F./N.I.F

Propietario:

:

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Rúa / Lugar:

Código Postal:

Concello:

Provincia:

Teléfono fixo:

Teléfono mobil:

EXPÓN:

que enterado das bases publicadas para a participación no concurso de local enxebre do Mercado Tradicional Anual de Primavera publicadas polo Excmo. Concello de O Valadouro (Lugo), desexa inscribirse no mesmo na modalidade de:

Local Comercial

Local Hostaleiro

(Sinatura)

INFORME DA CONCELLARÍA:

PROCEDE A PARTICIPACIÓN NO CERTAME LOCAL ENXEBRE 2020:

SÍ

NON

OBSERVACIÓNS:

Asinado en O Valadouro, a 9 de marzo de 2020

A Concelleira de Cultura, do Concello do Valadouro
Josefina Geada Losada

CONCELLO DO VALADOURO

Feira Nova, nº1, O Valadouro. 27770 Lugo. Tfno. 982574000. Fax: 982574303





RESUMO DAS BASES

1 A área de cultura do concello de O Valadouro organiza a XIV edición do Mercado Tradicional Anual de Primavera e, coincidindo con esta festa, certame de local comercial decorado máis “enxebre” e o certame de local hostaleiro decorado máis “enxebre”.

2. En ámbalas dúas categorías se puntuarán tamén, a parte do atrezzo interior e escaparate, a indumentaria dos propietarios/dependentes que estean no intre da calificación. Trátase de recuperar a imaxe que terían os negocios en épocas pasadas.

3. A inscrición poderá efectuarase nas oficinas do Centro Socio-cultural, Xuvenil e da Terceira Idade “Manuel Lourenzo” de O Valadouro entre o 23 e o 27 de marzo de 10:00 horas a 14:00 horas ou de 16:00 horas a 20:00 horas.

4. Cada categoría terá un único gañador levando como premio un trofeo que o acredite como tal

A entrega de premios será en acto público durante a sesión vermú na Praza de Santa María o 28 de marzo.

5 As Bases atópanse expostas nas Taboleiros de anuncios do Concello, Casa da Cultura e na páxina web



Concello do Valadouro



Feira Nova, 1
FERREIRA DO VALADOURO (27770 Lugo)
☎ 982574000 Fax 982574303
e-mail: concello@valadouro.org
www.valadouro.org

CONCELLO DO VALADOURO

Feira Nova, nº1, O Valadouro. 27770 Lugo. Tfno. 982574000. Fax: 982574303



Cod. Validación: 9N2KFN764CS36FT5NHWFMPZXR | Corrección: <https://valadouro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9